IES REGO DE TRABE
CULLEREDO

PLAN DE IGUALDADE

APROBADO POR CLAUSTRO O 9/12/2019

APROBADO POR CONSELLO ESCOLAR O 10/12/2019

IES REGO DE TRABE
Avda. Rutis, s/n – 15174 (Culleredo- A Coruña)
Tlf.: 881 960 801
ies.regodetrabe@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesregodetrabe.

PROXECTO DE ACTUACIÓN DO PLAN DE IGUALDADE

1. INTRODUCIÓN

Nesta sociedade, na que se cada vez se fala máis de igualdade de xénero, aínda queda un gran traballo por facer para conseguir a paridade, pois o peso de las tradicións e estereotipos sexistas sobre o papel da muller sigue persistindo no núcleo de moitas familias.
En consecuencia, debemos acabar con eses estereotipos sexistas tan arraigados, que afectan tanto a homes como a mulleres. A acción que se faga desde o ámbito educativo pode ser de importancia fundamental; por iso, o obxectivo deste proxecto é dar a coñecer a todos os membros da comunidade educativa o plan de igualdade, fomentando a participación activa de todos os membros para difundir as ideas de igualdade desde o centro ás familias de modo que incluso trascendan ás institucións locais e autonómicas.
Un plan de igualdade haberá de ser un conxunto ordenado de medidas, adoptadas despois de realizar un diagnóstico de situación, tendentes a alcanzar la igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes e a eliminar a discriminación por razón de sexo. Isto quere dicir que as medidas que se inclúan neste *Plan* estarán destinadas a responder ás necesidades que se desprendan do diagnóstico da situación e a resolver os problemas detectados. Un plan de igualdade debe fixar os obxectivos de igualdade que se pretenden alcanzar, as estratexias e prácticas previstas, así como sistemas eficaces de seguimento e avaliación dos obxectivos fixados.

2. MARCO LEXISLATIVO (NORMATIVA AUTONÓMICA)

- *Estatuto de Autonomía de Galicia*, artigos 4 e concordantes.
- *Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.*
- *Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia*.
- *Decreto lexislativo 2/2015*, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- *Decreto 130/2016*, de 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller.
- *VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes* 2017-2020.

3. DATOS DO CENTRO.

No noso centro hai matriculados no curso 2019-2020- 481 alumnos, 259 alumnos e 222 alumnas. Para a distribución do alumnado por grupos tívose en conta, na medida o posible os criterios pedagóxicos e a paridade de xénero.

A distribución por sexo dos traballadores do centro é a que segue:
LIMPEZA: 3 persoas (100% mulleres)
SUBALTERNOS: 2 persoas (un home e unha muller: 50%)
ADMINISTRATIVA: 1 muller (100% mulleres)
PROFESORADO: total 47 (mulleres: 34 ; homes: 13 : Presencia de mulleres 72,34%)

4. OBXECTIVOS

4.1 Obxectivos xerais

1. Analizar co alumnado como se constrúe la identidade xenérica masculina e feminina. Cuestionar os valores limitadores dos modelos de xénero tradicionais e as consecuencias que supón asumilos.
3. Propoñer recursos que permitan ao alumnado adquirir valores alternativos aos tradicionais.
4. Crear un espazo grupal no que se flexibilicen os roles de xénero tradicionais e nos que tanto os alumnos como as alumnas poidan ensaiar actitudes e comportamentos diferentes aos que se asignan socialmente.
5. Fomentar actitudes de empatía, descartando actitudes de competencia e rivalidade.
6. Aprender a coñecer e expresar sentimentos para promover relacións de confianza, cooperación e apoio mutuo entre alumnos e alumnas.
7. Facilitar estratexias que posibiliten a participación activa nos diferentes ámbitos das súas vidas.
8. Modificar a interacción entre chicos e chicas e impulsar o uso de los espazos de forma igualitaria e diversa sen estereotipos asociados.

4.2 Obxectivos coas familias

1. Sensibilizar sobre o papel que xogan os pais e nais na socialización de seus fillos e fillas e sobre la problemática en torno á igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
2. Conseguir a colaboración das familias co centro para unha educación en equidade.

4.3 Obxectivos co alumnado e persoal do centro.

1. Formación para identificar as causas socioculturais da desigualdade entre homes e mulleres e os seus mecanismos de permanencia.
2. Analizar o sistema educativo para detectar estereotipos de xénero, os factores de discriminación e as condicións creadoras de desigualdade.
3. Observar e analizar os valores transmitidos ao alumnado e revisar la realidade do centro, desde una perspectiva coeducativa.
4. Detección precoz e intervención ante casos de violencia de xénero no ámbito educativo.
4. Levar a cabo o Plan de Igualdade e ir elaborando un banco de recursos que estea a disposición da comunidade educativa co fin de integrar este valor no proceso educativo.
5. Implementar un plan de centro coeducativo cun currículo que incorpore actuacións que corrixan sesgos de xénero (plan para fomentar as vocacións científico-técnicas nas rapazas)

5. COMISIÓN DE IGUALDADE

Crearase no Consello escolar unha comisión de igualdade paritaria formada por un representante de cada colectivo (profesorado, alumnado, persoal non docente e familias) cuias funcións son:

- Aprobar o diagnóstico da situación do centro.
- Examinar e debater as propostas de accións positivas que se propoñan.
- Aprobar e poñer en marcha o *Plan de igualdade*.
- Realizar o seguimento e avaliación do *Plan*.

6. PRINCIPIOS

O *Plan de Igualdade* do noso centro baséase nos principios de TRANSVERSALIDADE, VISIBILIDADE, INCLUSIÓN E PARIEDADE.

A transversalidade implica a incorporación da perspectiva de xénero en todas as áreas curriculares e nos proxectos nos que se involucre a comunidade educativa.
Coa visibilidade darase protagonismo ao papel das mulleres e á súa contribución no desenvolvemento das sociedades de cara a reflexionar sobre a pervivencia de roles discriminatorios, denunciando as desigualdades e discriminacións que aínda hoxe se producen.
A inclusión supón educar en igualdade de xénero corrixindo desaxustes que poidan condicionar o desenvolvemento persoal a nivel social, educativo e profesional.
A paridade lograrase cando se supere a brecha de xénero nas eleccións académicas e vocacionais do alumnado, o que se conseguirá a través do deseño dun percorrido formativo que se basee neste principio.

7. LIÑAS DE ACTUACIÓN

O Plan levarase a cabo a traveso do:

1. Plan de acción titorial, co desenvolvemento de unidades didácticas que promovan actuacións específicas de:

- Educación en valores non sexistas.
- Deconstrución de roles de xénero.
- Educación afectivo-sexual tendo en conta as diferentes orientacións sexuais.
- Autonomía persoal.
- Construción de autoconcepto.
- Elaboración dun proxecto de vida sen sesgos de xénero.
- Educación emocional, adecuada á prevención de conflitos e prevención da violencia.

2. Departamentos didácticos, co fin de concretar contidos curriculares; revisando os materiais curriculares e os libros de texto que se utilizan no centro, a fin de evitar prexuízos e estereotipos sexistas.
3. Actividades de sensibilización coordinadas pola vicedirección.

8. MEDIDAS

8.1. *Medidas que afectan á vida diaria do centro*, con accións concretas para integrar a perspectiva de xénero de acordo cos obxectivos establecidos:

1) No Proxecto educativo: uso dunha lingua non sexista e inclusiva na documentación do centro, recursos e materiais didácticos, carteis do centro, páxinas web, comunicación coas familias, en programacións didácticas e propostas pedagóxicas.

Tamén se contemplará nos diferentes documentos que configuran o *Proxecto educativo do centro* ou a *Programación xeral anual* -como son o o Plan de convivencia, o Plan de acción titorial e o Plan de formación do profesorado- nas actividades complementarias e extraescolares que están programadas.

2) Organización do centro, sobre aspectos incluídos nas *Normas de organización e funcionamento do centro*, polo menos nos seguintes aspectos:

- Na organización dos tempos, espazos, instalacións e recursos materiais do centro.
- Na paridade nas canles de decisión, responsabilidade e participación dos diferentes sectores da comunidade educativa.
- Na distribución de roles e responsabilidades entre o alumnado.
- Nos criterios para establecer grupos/clase.

8.2. Proxectos do centro, que terán como un dos seus obxectivos a igualdade de xénero:

- Club de ciencia (promociona a ciencia entre mulleres. Participación este curso no FIRST LEGO LEAGUE).
- Espazo Maker.
- Club de lectura
- Grupo de Oratoria.
- Deporte feminino (fomento da participación en competicións).

8.3 . *Accións para concienciar*

- Actas, circulares internas, comunicacións a familias, estudantes...
- Imaxes, signos, símbolos estereotipados de homes e mulleres. Sinalización do centro (servizos)
- Explicacións na clase e nas sesións de titoría.
- Exposicións con información interesante sobre a perspectiva do xénero:
  - Mujeres STEM https://mujeresconciencia.com/2019/03/13/ocho-pioneras-en-disciplinas-stem/
  - Mujeres inventoras https://mujeresconciencia.com/2018/04/27/exposicion-mujeres-inventoras/
- Actividades para conmemorar as diferentes datas*:
  - 23 DE OUTUBRO DÍA BIBLIOTECA.
  - 25 DE NOVEMBRO, DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.
  - 30 DE XANEIRO, DÍA ESCOLAR DA PAZ E NON VIOLENCIA.
  - 11 DE FEBREIRO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER E A NENA EN CIENCIA.
  - 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER.
  - 27 DE ABRIL, DÍA DO LIBRO.

*Unha reportaxe de cada actividade realizada publicarase na páxina web do Centro.

8.4. SESIÓNS INFORMATIVAS PARA O CLAUSTRO E ANPAS:

Coordinación e presentación con todos os titores de grupos en reunión inicial ao comezo do curso para presentar o *Plan de igualdade e* o actividades dispoñibles. Infórmanse dos proxectos de

coeducación para a ANPA, dada a importancia da colaboración entre a familia e a escola para promover unha educación igualitaria, libre de estereotipos sexistas

Nun dos ordenadores da sala de profesores arquivaranse os recursos clasificados por niveis. Informarase de cada novidade ao profesorado a través do correo corporativo.
Tamén haberá na Biblioteca do centro un lugar onde estean accesibles os recursos que se poden utilizar relacionados coa igualdade. Estarán nunha maleta viaxeira de cor laranxa porque o IES Rego de Trabe se suma á iniciativa da ONU de difundir a igualdade en termos positivos (Proxecto en positivo. Proxecto da ONU. Xeración igualdade: polo dereito das mulleres e un futuro igualitario. Campaña deste ano: https://www.unwomen.org/es/get-involved/beijing-plus-25).

9. RECURSOS

I. Disponibles no ordenador da sala de profesorado

- Práctica docente con equidade xénero. Unha guía de traballo https://mujeresconciencia.com/2015/08/07/practica-docente-con-equidad-de-genero-una-guiade-tr
- Protocolo de actuación ante violencia de xénero no ámbito escolar. Canarias https://www.gobiernodecanarias.org/educacion/web/programas-redes-educativas/programaseducativos/educa-igualdad/protocolo-violencia-de-genero.html
- Documentos de la Junta de Andalucía para o diagnóstico da realidade do centro en igualdade (para proxenitores, profesorado e alumnado) http://www.juntadeandalucia.es/educacion/portals/delegate/content/a677917d-5ace-4425-aafaf8fdcb3315b

II. Recursos en rede

- Museos en femInino https://museosenfemenino.es/
- Mulleres con ciencia https://mujeresconciencia.com/
- Educando en igualdade http://www.educandoenigualdad.com/
- Instituto da muller http://www.inmujer.gob.es/
- Mulleres en Galicia http://igualdade.xunta.gal/es
- Xuventude http://xuventude.xunta.es/
- Guía de lectura infantil e xuvenil para a igualdade

http://igualdade.xunta.gal/sites/default/files/files/documentos/fichas_lecturas_coeducativas.pdf

III. Materiais no Departamento de Orientación

- Programa agarimos. Programa coeducativo de desarrollo psicoafectivo y sexual.
- *Programa de prevención escolar contra la violencia de género.* 3 VOl .
- *Sexo Cool*. Manual de sexualidad amorosa para jóvenes.
- Homosexualidade e familia.

IV. Material audiovisual (dispoñible na Biblioteca)

V. Material bibliográfico (disponible na Biblioteca)

10. AVALIACIÓN, INFORME ANUAL E MEMORIA:

Para garantir o éxito do *Plan* é necesario o seguimento ao longo do curso e tamén se implementarán estratexias de avaliación que analicen o grao de consecución dos obxectivos propostos, das accións programadas e dos recursos empregados, a eficacia dos mecanismos de difusión, coordinación e organización interna, resultado da participación de alumnos e profesores nas actividades propostas, etc.

Para esta avaliación do *Plan de igualdade* empregarase observación sistemática e directa, rexistro de actividades, reunións con titores e profesorado e enquisas.

Ao final do curso realizarase un informe sobre a evolución do *Plan*, a Memoria anual, as actividades desenvolvidas, o grao de consecución dos obxectivos propostos e a proposta de mellora para o curso seguinte. Este informe incluirase no informe final.